



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano Bloque
3, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA NO CASTRO DE DOADE, LALÍN (PONTEVEDRA)

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización dos traballos de **escavación e investigación arqueolóxica do xacemento do Castro de Doade**, en Lalín, Pontevedra, propiedade da Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico.

O Castro de Doade, Lalín, propiedade da Asociación de amigos do Museo “Casa do Patrón”, é un xacemento arqueolóxico onde con financiamento privado se fixeron escavacións arqueolóxicas encamiñadas á investigación para a súa futura posta en valor, para o gozo libre e gratuito da comunidade en xeral, dado o interese tanto científico para a súa investigación, como divulgativo, estando ante unha oportunidade de poder poñer en valor un xacemento arqueolóxico singular nunha zona como é o Deza onde non temos outros elementos arqueolóxicos postos en valor para o seu uso didáctico.

De conformidade co establecido no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia considérase que a imposibilidade de promover a concorrência pública para a realización desta actuación deriva da singularidade da actividade subvencionada, xa que a USC é a entidade promotora deste proxecto, actuación que se encadra dentro da liña de actividades que contribúen ao enriquecemento do patrimonio cultural galego ao tempo que se considera de interese social a realización da mesma, xa que contribuirá á investigación e futura posta en valor para a sociedade, dun xacemento que comezouse a investigar co fin da súa futura posta en valor con iniciativa privada, nunha zona (Comarca do Deza), carente deste tipo de contedores postos en valor e de acceso libre e gratuito e que con esta actuación levaría un forte impulso no seu obxectivo. Así mesmo, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe medidas para a conservación do patrimonio arqueolóxico, e cumpre con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano Bloque
3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



Por todo o anterior, é a Universidade de Santiago de Compostela a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asínase esta memoria en Santiago de Compostela

